



A Asociación Centro Comercial Aberto O Barco, en colaboración coa Delegación F.G.A en Valdeorras organiza a I Carreira por Parellas “obarconamora”.

A carreira absoluta será por parellas e tamén haberá probas de promoción para as categorías menores. Trátase dunha proba oficial da FGA, que se desenvolverá o vindeiro 12 de febreiro, de acordo co seguinte:

REGULAMENTO

1º.- Poderán participar nas distintas probas todos aqueles que o desexen, nas categorías seguintes:

- . **Pre-benxamín:** Nados/as nos anos 2005 e posteriores.
- . **Benxamín Feminino:** Nadas nos anos 2003-2004.
- . **Benxamín Masculino:** Nados nos anos 2003-2004.
- . **Alevín Feminino:** Nadas nos anos 2001-2002.
- . **Alevín Masculino:** Nados nos anos 2001-2002.
- . **Infantil Feminino:** Nadas nos anos 1999-2000.
- . **Infantil Masculino:** Nados nos anos 1999-2000.
- . **Absoluta:** Nados no ano 1998 ou anteriores

Na carreira absoluta, que será por parellas, establécense as seguintes categorías:

- Categoría parella mixta (home+muller).
- Categoría parella masculina (home+home)
- Categoría parella feminina (muller+muller)

Só en casos excepcionais, admitirase a participación na carreira absoluta de atletas nados despois do ano 1998.

O horario da proba será o seguinte:

HORARIO	CARREIRA	DISTANCIA
12:00	NENOS-AS PREBENXAMÍN	150 m
12:10	BENXAMÍN MAS-FEM	250 m
12:15	ALEVÍN MAS-FEM	500 m
12:20	INFANTIL MAS-FEM	1000 m
12:30	ABSOLUTA	3000 m

2º.- As INSCRICIÓNs deberán estar en poder da organización antes do día 10 de febreiro do 2012. (Só en casos excepcionais e debidamente acreditados se admitirán inscricións o día da proba, e pecharase a inscrición as 11:15 h da mañá do día 12 de febreiro).

3.- As inscricións faranse na páxina web da Delegación Valdeorresa de Atletismo (<http://www.fgatletismo.es/valdeorras/>) ou no local desta Delegación (no campo municipal de Calabagueiros, de luns a venres en horario de 19:00 a 21:00 h), ou chamando ao telefono 988 321150.

4.-A retirada de dorsais realizarase na mesa habilitada para tal fin na praza de José Otero, o día 12 de febreiro, en horario de 10:30 a 11:30 h.

5.- As parellas que participen na Carreira absoluta irán atadas polos pulsos cun lazo que se entregará, xunto cos dorsais, na mesa habilitada para tal fin na praza de José Otero, o día 12 de febreiro, en horario de 10:30 a 11:30 h

5.- Tódolos participantes terán asignado un dorsal, que se corresponderá coa categoría e circuíto a realizar, que irá situado no peito e que terá que ser visible durante o desenvolvemento da proba.

6.- A organización establecerá controis durante o transcurso da proba polos cales terán que pasar os participantes para non ser descualificados.

7.- O peche do control será 30 minutos despois de que entre o 1º clasificado en meta.

8.- Premios e agasallos: Entregaranse trofeos aos gañadores de cada unha das categorías da carreira absoluta, medallas aos 10 primeiros clasificados do resto de categorías, e sortearanse 3 ceas nos restaurantes do barcoaberto centro comercial. Haberá agasallos para tódolos participantes.

9.- As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados. Se son desestimadas por este poderase presentar reclamación por escrito e acompañada dun depósito de 100 euros ao Xurado de Apelación.

10.- Serán motivo de descualificación, entre outras, as seguintes causas: non realizar todo o circuíto da carreira, non levar dorsal ou manipulalo, falsificar os datos persoais.

11.- Todo o non disposto na presente normativa rexerese polas normas de Competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

12.- O descoñecemento de este regulamento non exime do seu cumprimento.

13.- Por tratarse dunha proba popular non se atenderá ningunha reclamación.